

Comisión de Divulgación do CITMAga**Acta da reunión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023****Membros presentes:**

Dna. Marta Pérez Rodríguez
Dna. María Isabel Borrajo García
D. Xabier Pérez Couto
Dna. Laura López Paz
D. Miguel Brozos Vázquez

Orde do día

1. Constitución e funcionamento da comisión.
2. Elaboración dun calendario de actividades.
3. Rolda aberta de intervencións.

Iníciase a sesión ás 11:30 horas do día 15 de novembro de 2023, baixo a presidencia de Miguel Brozos, de forma virtual a través de MS Teams e actuando como secretaria Laura López Paz.

1. Constitución e funcionamento da comisión.

Constitúese a comisión cos membros asistentes. A continuación o presidente motiva a creación desta comisión e explica as súas principais funcións: coordinación, incentivación e apoio de actividades de divulgación do CITMAga.

2. Elaboración dun calendario de actividades.

Como primeira tarefa da comisión, propónse a elaboración dun calendario de actividades. Iníciase a detección de actividades susceptibles de participación por parte do persoal do CITMAga.

3. Rolda aberta de intervencións.

Detéctase que moitas das actividades de divulgación científica que temos en distintas localidades galegas son axeitadas para a participación por medio de obradoiros, pero non de charlas. Ante isto, propónse a elaboración dunha xornada de formación, aberta ao persoal do CITMAga, para incentivar a elaboración de obradoiros. Márcanse como posibles datas as de mediados de xaneiro, a concretar na seguinte reunión da comisión.

Acordos adoptados:

- Creación de calendario de actividades.
- Organización de xornada de creación de obradoiros divulgativos.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:45 horas, do que como secretario dou fe, e asino a presente acta.

Laura López Paz
Secretaria da Comisión de Divulgación de CITMAga